



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Anuncio

Resolución do 26 de abril de 2022 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica LMT CHA815 TC APOIO 36, no concello de Chantada. (Expediente 2020/33 AT)

Con data 25 de febreiro de 2022, a Xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada LMT CHA815 TC APOIO 36 no concello de Chantada (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo á presente resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Chantada deducida da que se someteu a información pública no diario "La Voz de Galicia" do 28 de setembro de 2021, no BOP de Lugo do 7 de outubro de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 7 de outubro de 2021, para que comparezan o día **21 de xuño de 2022 no concello de Chantada** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Chantada estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 26 de abril de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1057

Anuncio

Resolución do 22 de abril de 2022 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica LMT DERIVADA AMANDI, no concello de Sober. (Expediente 2020/21- AT)

Con data 19 de xaneiro de 2022, a Xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad SA as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en

concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada LMT DERIVADA AMANDI no concello de Sober (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo á presente resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Sober deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 5 de agosto de 2021, no BOP de Lugo do 11 de agosto de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 17 de agosto de 2021, para que comparezan o día **22 de xuño de 2022 no concello de Sober** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Sober estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirllle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 22 de abril de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1058

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

Disolución de asociación

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical e o artigo 10 do Real decreto 419/2015, de 29 de maio (BOE do 20/06/2015), faise público que no correspondente servizo desta xefatura territorial recibíuse certificación da asemblea xeral extraordinaria da "ASOCIACION DE PRODUCTORES DE MADEIRA DE CERVO" (PROMACERVO), que tivo lugar o día 25 de marzo de 2022, onde se reflicte o acordo de disolución da devandita asociación conforme ós seus estatutos; así mesmo, procedeuse á súa baixa no depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais onde figuraba inscrita, con ámbito territorial local e ámbito funcional empresarial.

Lugo, 28 de abril de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1059

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 28 de abril de 2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación do anexo do Orzamento Xeral do Concello de Baralla para o exercicio 2022, relativo á cadro de persoal, o que se publica aos efectos do artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo prazo de quince días hábiles.

O citado acordo plenario quedará elevado automaticamente a definitivo de non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público.

Baralla, 28 de abril de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1060

Anuncio

Unha vez informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión celebrada o día 28 de abril de 2022, a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2021, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposta ao público polo prazo de quince días durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observación. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias emitirá novo informe.

Baralla, 28 de abril de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1061

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 28 de abril de 2022 o expediente de modificación de créditos número 3/2022, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 15.000 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Baralla, 28 de abril de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1062

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 28 de abril de 2022 o expediente de modificación de créditos número 4/2022, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 114.071,74 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Baralla, 28 de abril de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1063

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 26/04/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 27/06/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá. 20 de abril de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1064

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 29 de abril de 2022, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 3/2022, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de catrocentos noventa mil oitocentos euros (490.800,00 €), primeiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 2 de mayo de 2022.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1095

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2022

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 25 de abril de 2022, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público pola utilización do punto de atención á infancia correspondente ao primeiro trimestre de 2022, por un importe total de 5.662,51 €uros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 28 de abril de 2022.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1065

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de 28.04.2022 aprobou convocatoria e as “BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA E DE DURACIÓN MÁXIMA DE 6 MESES COMO PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS DA XUNTA DE GALICIA PARA TRANSFERENCIAS FINALISTAS PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL REGULADA NO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO”.

- Modalidade contratación: A modalidade do contrato será laboral temporal e a súa duración será como máximo de 6 meses na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-lei 32/2021.
- Xornada: media xornada.
- Prazo presentación solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.
- Salario: retribución bruta mensual de 766,42 € incluíndo o rateo das pagas extras.
- Funcións: as que se especifican nas Bases antes citadas.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais e taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 28 de abril de 2022.- A ALCALDESA, María José Gómez Rodríguez.

R. 1066

LOURENZÁ

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

No Boletín Oficial de la Provincia, número 097 de data 29 de abril do 2022, páxina 7, no que aparece publicado anuncio relativo á aprobación definitiva do Presuposto Municipal do exercicio 2022, tense observado o seguinte error material no Estado de Gastos, no Capítulo 5 - Fondo de Continxencia e outros imprevistos, no que non figura ningunha cantidade cando debería figurar a cantidade de “5.000”, e así o cadro do Estado de Gastos quedaría da seguinte maneira

ESTADO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES		1.968.100,00
1	GASTOS DE PERSOAL	1.035.900,00

2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	663.000,00
3	GASTOS FINANCEIROS	2.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	262.200,00
5	FONDO CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	5.000,00
B)OPERACIÓNS DE CAPITAL		571.900,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	549.900,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	22.000,00
TOTAL GASTOS		2.540.000,00

E para que surta ós efectos oportunos, publícase a presente corrección.

Lourenzá, 29 de abril do 2022.- A Alcaldesa-Presidenta, Rocío López García.

R. 1067

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 4577/2022 do 29/04/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Analista de Sistemas/Aplicacións pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 5/294 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018).

- Decreto 10294/2021, do 25/11/2021, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS (subgrupo A1) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

Dito decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 279, do 4 de decembro de 2021, e extracto del no "Diario Oficial de Galicia" número 7, do 12 de xaneiro de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 23, do 27 de xaneiro de 2022.

Con data do 24 de febreiro de 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de marzo de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 26/160 PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Decreto 3468/2022 do 28/03/2022 polo que se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 10294/2021, do 25/11/2021, para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS (subgrupo A1) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018). Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo núm. 075 do 1 de abril de 2022.

Con data do 19 de abril de 2022 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 28 de abril de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. *“A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”*

Terceiro.- Durante o prazo de presentación de enmendas non foi recibida ningunha solicitude de subsanación.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 28 de abril de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos a **RESOLVE**:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 10294/2021, do 25/11/2021, para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS (subgrupo A1) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
ABELLEIRA FERNÁNDEZ, FRANCISCO JAVIER	***4976**
OTERO OTERO, RAFAEL	***8855**

EXCLUIDOS/AS

Ningún.

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal e baremación dos méritos alegados polos aspirantes, do seguinte xeito:

Data: 9 de maio de 2022

Hora: 16:00 horas

Lugar: Casa Consistorial do Concello de Lugo, sita na Praza Maior nº 1.

A data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio será publicada xuntamente co resultado da fase de concurso deste proceso selectivo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 1068

MONTERROSO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 26 de abril de 2022, a modificación das ordenanzas fiscais nº 11 e 26 relativas á ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos municipais de verquidos de augas residuais de calquera clase e ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 28 de abril de 2022.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 1069

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Visto o decreto de data 12.08.2020, decreto nº 2020-0359, de delegacións de áreas e materias en diversos concelleiros e vista a falta de confianza por parte desta alcaldía na xestión das áreas delegadas no concelleiro D. Germán Vázquez Besteiro, en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 43, 44, 45 e 51 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Cesar na delegación das seguintes áreas/materias:

Área/materia	Concelleiro
Medio Ambiente, parques e xardíns, xestión da área recreativa da Peneda, GES, limpeza viaria, alumeadado público, feiras e mercados e Urbanismo	D. Germán Vázquez Besteiro

A sra. Alcaldesa pasa a ter a competencia destas áreas e materias.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución ao concelleiro cesado, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do cesamentoo ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución pola alcaldesa.

Monterroso, 28 de abril de 2022.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 1070

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do exercicio 2022 mediante crédito extraordinario

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de abril de 2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería por importe de por un importe de 123.987,39€.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 28 de abril de 2022.- Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1071

PALAS DE REI

Anuncio

CONVOCATORIA PARA AXUDAS A EMPRESAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, “CAMIÑO DE SANTIAGO II”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE PALAS DE REI, CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE MONTERROSO E PORTOMARÍN, PARA A ESPECIALIDADE FORMATIVA DE: “INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES”.

Por resolución de alcaldía de data 29/04/2022 aprobáronse as bases reguladoras de selección para axudas a empresas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego, “Camiño de Santiago II”, promovido polo concello de Palas de Rei, conxuntamente cos concellos de Monterroso e Portomarín, para a especialidade formativa de: “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes”.

“BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA A FAVOR DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, “CAMIÑO DE SANTIAGO II”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE PALAS DE REI, CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE MONTERROSO E PORTOMARÍN, PARA A ESPECIALIDADE FORMATIVA DE: “INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES”.

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen como finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos obradoiros duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2021 de axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

2. O Concello de Palas de Rei, xunto cos Concellos de Monterroso e Portomarín, está a desenvolver o obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DE SANTIAGO II”, sendo o Concello de Palas de Rei o promotor e representante.

O obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DE SANTIAGO II” iniciou a súa actividade o día 15/10/2021 e remata o vindeiro 14/07/2022.

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, concedeu unha subvención por importe de 6.000,00 euros para incentivos á contratación laboral, para a especialidade de “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes”.

Anualidade contratacións	Número contratos	Importe da subvención
2022	4	4 x 1.500,00 € = 6.000,00 €

3. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

4. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, para a ocupación do ámbito da especialidade de “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes” impartida no obradoiro de emprego, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial do obradoiro dual de emprego. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o

importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidade que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado por Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable (Anexo I).

Artigo 3. Contía dos incentivos.

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

2. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 4. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 5. Prazos e solicitudes.

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo dun (1) mes a contar desde o día seguinte á publicación das bases e convocatoria no BOP de Lugo. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade, así como do representante legal no seu caso.
- b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación da presente convocatoria, segundo o modelo do anexo I.
- c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, segundo o modelo do anexo I.
- d) Certificado de situación censal expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que indique as actividades económicas nas que está de alta, actualizado.
- e) Certificado do número de conta a nome da persoa ou entidade beneficiaria, expedido pola entidade financeira onde, de ser o caso, se lle transferirá o importe da subvención concedida.

Artigo 6. Xustificación e pago.

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias. A documentación para presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto da subvención.
- c) Copia dos partes de alta na Seguridade Social xunto co informe de datos de cotización.
- d) Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos organismos correspondentes, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración públicas da Comunidade Autónoma, nin coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro.

2. Non se procederá ao aboamento da subvención no caso de que o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro, fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

3. O abono da achega, unha vez aprobada a xustificación da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola persoa ou entidade beneficiaria.

Artigo 7. Obrigas das entidades beneficiarias.

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego.
2. Manter entre o seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto da subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos obradoiros duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.
3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.
4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.
5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 8. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ás persoas titulares da entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

Artigo 9. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro do Concello de Palas de Rei, e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 10. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
4. As resolucións que se ditén neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 11. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en

ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de duración da contratación e a empresa non proceda a substituílo.

Artigo 13. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificada da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

ANEXO I

AXUDAS A EMPRESAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN	SOLICITUDE
--	-------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

MÉTODO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE	<input type="checkbox"/>	ELECTRÓNICA	<input type="checkbox"/>	POSTAL
ENDEREZO ELECTRÓNICO				
ENDEREZO POSTAL				
CÓD. POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA		

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

ACTIVIDADE ECONÓMICA		CNAE
ENDEREZO DA ACTIVIDADE		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
DATA DE ALTA NA SEG. SOCIAL	Nº INSCRICIÓN NA SEG. SOCIAL	DATA DE ALTA NO IAE
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA	Nº DE CONTRATACIÓNS POLAS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	

DATOS BANCARIOS

TITULAR DA CONTA	Nº DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

SUBVENCIÓN SOLICITADA

Solicítase unha axuda para a contratación de_____ persoa/s alumna/s do obradoiro dual de emprego “Camiño de Santiago II”, a xornada completa, por un mínimo de 3 meses, da especialidade formativa de “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes”.

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria, que cumpre os requisitos sinalados nas súas bases, que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto indicado e que consente a cesión de datos para os efectos previstos nesta convocatoria.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

7. Que a entidade solicitante posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

8. Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria é de_____.

9. Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real Decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- DNI/NIE da persoa solicitante ou representante
- NIF da entidade solicitante
- Poder para actuar en nome da entidade solicitante
- Certificación bancaria a nome da entidade ou persoa solicitante para o aboamento da subvención
- Certificación censal, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, que indique as actividades económicas nas que está de alta, actualizado.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “Camilo de Santiago II”.
Orde do 31 de decembro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A). (DOG Núm. 22, do 3 de febreiro de 2021).

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos teñen como fin o exercicio por parte desta Administración das función e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación expresa a esta Administración.”

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PALAS DE REI

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DAS AXUDAS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE

RAZÓN SOCIAL	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que en relación con outras axudas e subvención concedidas e/ou solicitadas:

- Non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais.
- Si solicitou e/ou fóronlle concedidas, nas datas que a continuación se relacionan, a/s seguinte/s axuda/s ou subvención/s para a mesma finalidade:

ADMINISTRACIÓN/ENTE PÚBLICO A QUE LLE FOI SOLICITADA/O A AXUDA OU SUBVENCIÓN	DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN (1)	IMPORTE (€)

(1) Nesta columna consígnase a data de concesión da axuda ou subvención solicitada. Para o caso de estar pendente a súa concesión, indícase "PENDENTE", e de ter sido denegada, farase constar "DENEGADA".

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PALAS DE REI

Palas de Rei, a 29 de abril de 2022.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1072

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Formada, rendida e informada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión celebrada o día 26/04/2022, a Conta Xeral do exercicio 2021, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o prazo indicado e oito días máis, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que consideren oportunas, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Pobra do Brollón, 29 de abril de 2022.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1073

RIBADEO

Anuncio

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTOS DE SOCORRISTAS ACUATICOS DE CARACTER LABORAL FIXO-DISCONTINUO

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura baixo o réxime de persoal laboral fixo-discontinuo dos seguintes postos:

1 Xefe de Equipo socorristas acuáticos.

15 socorristas acuáticos.

2.-CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS:

Grupo. Asimilado a un Grupo C1 de funcionarios.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral fixo discontinuo.

Adscripción: Servizos de Medio Ambiente/Socorrismo

Postos: FD0001 e FDE0002 da RPT municipal vixente.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

Para Xefe de Equipo de Socorrismo:

As propias de auxilio e socorrismo acuático nas praias do municipio.

Funcións de patrón de embarcación deportiva de salvamento e socorrismo.

Para socorrista acuático:

As propias de auxilio e Socorrismo Acuático nas praias do municipio

Para ambos: calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN:

1 Xefe de Equipo socorristas acuáticos.

15 socorristas acuáticos.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) **Xerais:** Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

b) Específicos.

O título de Bacharel, Técnico ou título equivalente ou superior.

Deberá estar en posesión do **título oficial de socorrista acuático coa licenza anual en vigor.**

Para poder desenvolver as funcións de **Xefe de Equipo/coordinador** deberá ademais estar en posesión do **título de patrón de embarcacións deportivas**, que deberá quedar acreditado debidamente no expediente.

Deberá aportarse xunto coa solicitude **CERTIFICADO MÉDICO que acredite estar apto para a realización da proba e desempeño das labores de socorrista acuático.**

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como empregado laboral interino, no seu caso.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no BOE e as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo e farase pública tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efecturán notificacións individuais.

Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal (artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.)

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de dez días hábiles** (por razón de urxencia dada a proximidade da temporada estival) contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as personas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co art. 109.2 da lei 349/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicarse igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

B) Fase de oposición:

1.- EXERCICIO DE IDIOMA GALEGO.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como APTO ou NON APTO, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou máis.

**Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 2 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

2.- Proba práctica.-

Proba práctica sobre o contido do posto de traballo que se vai cubrir co fin de apreciar a formación xeral dos candidatos/as e a súa idoneidade para os postos de socorrismo acuático en praias.

A mesma será a denominada “**proba combinada individual con buceo**”.

Levarase a cabo nas instalacións da piscina municipal de Ribadeo. Consiste en entrada á auga sen fundir a cabeza, estilo socorrista, 50 mts. de estilo libre; 15 mts. de buceo, recollida do maniquí (boneco) e 35 mts. de remolque do maniquí cun tempo límite de 2 minutos e 30 segundos.

Valorarase na execución da proba o tempo de realización da mesma e que non se proceda a respirar polos aspirantes antes de coller o maniquí co obxecto de reproducir as posibles condicións de traballo que poidan plantexarse a un socorrista no traballo habitual.

A puntuación máxima na proba será de 10 puntos.

Para a superación da proba precisarase obter a lo menos 5 puntos.

Esta proba será **obligatoria e terá carácter eliminatorio** non podendo valorarse os méritos de aqueles candidatos/as que non superen a mesma.

O tribunal estará asistido por experto ou expertos na materia.

3. Proba teórica escrita:

Consistirá nun exercicio tipo test de **20 preguntas** que versará sobre aspectos xerais da Constitución Española, Administración Local e de Procedemento Administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial sinalada a continuación).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Este exercicio é **obligatorio e eliminatorio**. Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha.

As respostas en branco non descontarán.

A) Parte Xeral:

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.-. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 6.- O Persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Tema 7.- O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Lugares de interese. Praias do municipio.

Tema 8. A Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AA.PP. O Procedemento Administrativo. Título preliminar. Títulos I e II.

B) Parte específica:

Tema 9.- Soporte Vital básico e instrumental e utilización de equipo de oxigenoterapia. RCP e obstrución das vías aéreas por corpo estraño (OVACE).DESA.

Tema 10.- Cadea de supervivencia.

Tema 11.- Traumatismos, Feridas e hemorragias...

Tema 12.- Transtornos circulatorios.

Tema 13.- Lesións producidas por calor, frío e/ou por axentes químicos.

Tema 14.- Picaduras e mordeduras.

Tema 15.- Intoxicacións e cadros convulsivos.

Tema 16.- Botiquín de primeiros auxilios e a enfermería.

Tema 17.- Intervención prehospitalaria en afogamentos e lesionados medulares no medio acuático.

Tema 18.- Plan de actuación en zonas de baño.

Tema 19.- Salvamento e Socorrismo acuático profesional.

Tema 20.- Accidentes acuáticos

B) Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO I** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase o mesmo día fixado para a oposición e antes da celebración desta.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos exercicios da fase de oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O tribunal poderá contar **con asesores na materia** obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

O Tribunal queda igualmente autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado laboral a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo dun mes contado a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumpridos os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.
- 4.- Certificado de antecedentes penais e declaración complementaria de conduta cidadá.
- 5.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 6.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 7.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 8.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- 9.- Certificado bancario co número de conta bancaria-IBAN.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. SINATURA DE CONTRATO LABORAL.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá asinar o contrato laboral quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O nomeamento como empregado laboral de carácter fixo-discontinuo será publicado no BOP de Lugo.

15.- BOLSA DE TRABAJO.-

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resultaran contratadas por exceder do número de prazas previsto serán incluídas nunha bolsa de traballo para futuras contratacións que resultaran necesarias ordeadas segundo a puntuación obtida.

16.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público.

RDL 2/2015 de 23 de outubro, de aprobación do TR da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (artigo 1º.4 de modificación do artigo 16 contrato fixo-discontinuo do TR da Lei do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015 de 23 de outubro.

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- **O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.**

ANEXO I

FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

Polo tempo de prestación de servizos en posto e categoría semellante en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,15 puntos por mes completo acreditado.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo organismo competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas,coa seguinte valoración.

Cursos de 100 ou mais horas.....2,00 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas.....1,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,75 puntos.

Cursos de 10 a 39 horas.....0,50 puntos.

Cursos de menos de 10,00 horas.....0,20 puntos.

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- **O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.**

R. 1102

Anuncio

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTOS DE TÉCNICOS DE EMERXENCIAS SANITARIAS PARA APOIO AO SERVIZO DE SOCORRISMO EN PRAIAS, DE CARACTER LABORAL FIXO-DISCONTINUO

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura baixo o réxime de persoal laboral fixo discontinuo dos seguintes postos:

3 Técnicos de emerxencias sanitarias para apoio ao Servizo de Socorrismo en praias.

2.-CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS:

Grupo. Asimilado a un Grupo C1 de funcionarios.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral fixo discontinuo.

Adscrición: Servizos de Medio Ambiente/Socorrismo

Postos: FD0003 da RPT municipal vixente.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

Asistencia sanitaria de primeiros auxilios e emerxencias nas praias do municipio en colaboración e como apoio ao servizo de socorrismo acuático.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984,de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN:

3 Técnicos de emerxencias sanitarias.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a)**Xerais:**Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

***Específicos.** O título de Bacharel, Técnico ou título equivalente ou superior.

Ademáis deberá estar en posesión dalgún título oficial relativo ás disciplinas de **primeiros auxilios e/ ou emerxencias sanitarias.**

Deberá aportarse xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo **UN CERTIFICADO MÉDICO** que acredite **estar apto** para a realización do desempeño das labores de técnico de emerxencias en apoio ao servizo de socorrismo acuático.

Deberá acreditarse documentalmente contar con formación en RCP e DESA

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como empregado laboral interino, no seu caso.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no BOE e as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo e farase pública tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efecturarán notificacións individuais.

Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal (artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.)

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de dez días hábiles** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as personas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Á instancia acompañarase **inexcusamente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.

- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.

- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co art. 109.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

B) Fase de oposición:

1.- Proba de Idioma galego.-

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como APTO ou NON APTO, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou mais.

**Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 2 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

2.- Proba práctica.-

Proba de RCP. 6.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en realizar unha proba simulada de reanimación cardio pulmonar (RCP): proba de Soporte vital básico e instrumental segundo as recomendacións da "European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo", https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf 6.2. Esta proba cualificarase de 1 a 3 puntos, sendo necesario para superala obter como mínimo 1,50 puntos.

3. Proba teórica escrita:

Consistirá nun exercicio tipo test de **20 preguntas** que versará sobre aspectos xerais da Constitución Española, Administración Local e de Procedemento Administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial sinalada a continuación).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Este exercicio **é obrigatorio e eliminatorio**. Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha.

As respostas en branco non descontarán.

A) Parte Xeral:

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 6.- O Persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Tema 7.- O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Lugares de interese. Praias do municipio.

Tema 8. A Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AA.PP. O Procedemento Administrativo. Título preliminar. Títulos I e II.

B) Parte específica:

Tema 9.- Soporte Vital básico e instrumental e utilización de equipo de oxigenoterapia. RCP e obstrución das vías aéreas por corpo extraño (OVACE).DESA.

Tema 10.- Cadea de supervivencia.

Tema 11.- Traumatismos, Feridas e hemorragias...

Tema 12.- Trastornos circulatorios.

Tema 13.- Lesións producidas por calor, frío e/ou por axentes químicos.

Tema 14.- Picaduras e mordeduras.

Tema 15.- Intoxicacións e cadros convulsivos.

Tema 16.- Botiquín de primeiros auxilios e a enfermería.

Tema 17.- Intervención prehospitalaria en afozamentos e lesionados medulares no medio acuático.

Tema 18.- Plan de actuación en zonas de baño.

Tema 19.- Salvamento e Socorrismo acuático profesional.

Tema 20.- Accidentes acuáticos

B) Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no ANEXO I destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase o mesmo día fixado para a oposición e antes da celebración desta.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O tribunal poderá contar **con asesores na materia** obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

O Tribunal queda igualmente autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado laboral a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo dun mes contado a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumpridos os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.
- 4.- Certificado de antecedentes penais e declaración complementaria de conduta cidadá.
- 5.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 6.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 7.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 8.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- 9.- Certificado bancario co número de conta bancaria-IBAN.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade e desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. SINATURA DE CONTRATO LABORAL.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá asinar o contrato laboral quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O nomeamento como empregado laboral de carácter fixo-discontinuo será publicado no BOP de Lugo.

15.- BOLSA DE TRABAJO.-

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resultaran contratadas por exceder do número de prazas previsto serán incluídas nunha bolsa de traballo para futuras contratacións que resultaran necesarias ordeadas segundo a puntuación obtida.

16.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público.

RDL 2/2015 de 23 de outubro, de aprobación do TR da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

ANEXO I

FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

Polo tempo de prestación de servizos en posto e categoría semellante en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,15 puntos por mes completo acreditado.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo organismo competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración.

Cursos de 100 ou mais horas.....2,00 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas.....1,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,75 puntos.

Cursos de 10 a 39 horas.....0,50 puntos.

Cursos de menos de 10,00 horas.....0,20 puntos

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1103

Anuncio

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTOS DE INFORMADORES TURISTICOS DE CARACTER LABORAL FIXO-DISCONTINUO

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura baixo o réxime de persoal laboral fixo-discontinuo dos seguintes postos:

5 Informadores turísticos.

2.-CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS:

Grupo. Asimilado a un Grupo C1 de funcionarios.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral fixo discontinuo.

Adscripción: Area de Turismo e Desenvolvemento Local

Postos: FD0005 da RPT municipal vixente.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

Atención ao público así como de xestión e información turística sobre os recursos turísticos do municipio e arredores que se facilita nos puntos de información turística existentes no Concello de Ribadeo e apoio dos servizos municipais de turismo

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984,de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 5

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais: Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

b) Específicos.

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Técnico superior en información e comercialización turística.

Técnico superior en guía, información e asistencia turística.

Técnico en empresas e actividades turísticas, título de grao ou diplomatura en turismo ou equivalente homologado.

Certificado de profesionalidade de Promoción turística local e información ao visitante.

Deberá tamén acreditar o coñecemento dun idioma extranxeiro (francés ou inglés) **que servirá para a realización da proba práctica.**

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como empregado laboral interino, no seu caso.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no BOE e as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo e farase pública tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efecturarán notificacións individuais.

Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal (artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.)

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de dez días hábiles** (por razón de urxencia dada a proximidade da temporada estival) contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as personas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co art. 109.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

B)Fase de oposición:

1.- Proba de Idioma galego.-

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como APTO ou NON APTO, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou mais.

**Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 2 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

2.-Proba práctica oral:

Consistirá en desenvolver durante un tempo entre 5 e 10 minutos unha conversa, **en idioma inglés ou francés (segundo o idioma elixido que deberá constar na solicitude)** diante do Organo de selección que estará asistido de asesor/a titulado/a nesta lingua e que formulará a proposta de cualificación correspondente ao órgano de selección.

A proba é obrigatoria e eliminatoria. Valorarase de 0 a 10 puntos.

Deberá obterse un mínimo de 5 puntos para superar a mesma.

3.- Proba teórica escrita:

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais da Constitución Española, Administración Local e de Procedemento Administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial sinalada a continuación).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Este exercicio é **obligatorio e eliminatorio**. Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha. As respostas en branco non descontarán.

A) Parte Xeral:

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.-. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 6.- O Persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Tema 7.- O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Lugares de interese. Praias do municipio.

Tema 8. A Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AA.PP. O Procedemento Administrativo. (Título preliminar. Títulos I e II.)

B) Parte específica:

Tema 6.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Organización e competencias da Administración Galega.

Tema 7.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Dereitos e obrigas dos usuarios turísticos.

Tema 8.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Recursos, organización e calidade turísticos.

Tema 9.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Dereitos e obrigas das empresas turísticas.

Tema 10.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos turísticos.

Tema 11.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Empresas de aloxamento turístico.

Tema 12.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Empresas de restauración.

Tema 13.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Empresas de intermediación.

Tema 14.- Decreto 73/2015, de 7 de maio polo que se regula a profesión de Guía de turismo en Galicia. Réxime de establecemento.

Tema 15.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Procedemento de habilitación de guía turístico por superación de probas específicas.

Tema 16.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Recoñecemento de cualificacións profesionais.

Tema 17.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Inscripción no Rexistro de Empresas e actividades turística. Expedición de carné de guía.

Tema 18.- Decreto 73/2015, de 7 de maio. Dereitos e deberes dos guías de turismo.

Tema 19.- Tema 9.- Coñecemento do termo municipal de Ribadeo: Estrutura do municipio. Número e nome das parroquias existentes. Historia, lugares de interese, espazos turísticos, etc.

Tema 20.- Coñecemento xeral dos aspectos turísticos e culturais mais relevantes na zona de A Mariña lucense oriental.

Tema 21.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro. Complexos turísticos e empresas de servizos complementarios.

Tema 22.- A lei 7/2011, de 27 de outubro. Medidas de promoción e fomento do turismo.

Tema 23.- A lei 7/2011, de 27 de outubro. Inspección turística.

Tema 24.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo. Obxecto e fins propios das axencias de viaxes.

Tema 25.- .Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Clasificación das axencias de viaxes.

Tema 26.- .Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Documentación para apertura dunha axencia de viaxes.

Tema 27.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Títulos-licencia. Causas de revogación.

Tema 28.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Garantías.

Tema 29.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Exercicio de actividades das axencias de viaxes.

Tema 30.- Decreto 42/2001, de 1 de febreiro. Contratos e servizos soltos.

B) Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no ANEXO I destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase o mesmo día fixado para a oposición e antes da celebración desta.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O tribunal poderá contar **con asesores na materia** obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

O Tribunal queda igualmente autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado laboral a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo dun mes contado a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumpridos os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.
- 4.- Certificado de antecedentes penais e declaración complementaria de conduta cidadá.
- 5.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 6.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 7.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 8.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- 9.- Certificado bancario co número de conta bancaria-IBAN.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. SINATURA DE CONTRATO LABORAL.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá asinar o contrato laboral quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O nomeamento como empregado laboral de carácter fixo-discontinuo será publicado no BOP de Lugo.

15.- BOLSA DE TRABALLO.-

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resultaran contratadas por exceder do número de prazas previsto serán incluídas nunha bolsa de traballo para futuras contratacións que resultaran necesarias ordeadas segundo a puntuación obtida.

16.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público.

RDL 2/2015 de 23 de outubro, de aprobación do TR da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (artigo 1º.4 de modificación do artigo 16 contrato fixo-discontinuo do TR da Lei do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015 de 23 de outubro.

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- **O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.**

ANEXO I

FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

Polo tempo de prestación de servizos en posto e categoría semellante en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,15 puntos por mes completo acreditado.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo organismo competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración.

Cursos de 100 ou mais horas.....2,00 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas.....1,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,75 puntos.

Cursos de 10 a 39 horas.....0,50 puntos.

Cursos de menos de 10,00 horas.....0,20 puntos

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- **O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.**

R. 1104

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliaria de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **primeiro trimestre de 2022**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 04 de Xullo de 2022, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 28 de abril de 2022.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 1074

TABOADA

Anuncio

DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NUN CONCELLEIRO.

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de abril de 2022 aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente:

PRIMEIRO. Delegar en **Dona Dulce María Montes Gómez con dni:**5780*****, concelleira do Concello de Taboada a competencia de Alcaldía para a **firma dos documentos e resolucións derivadas do expediente de celebración do matrimonio civil, Expediente 11/2022 tramitado no Rexistro Civil de Chantada, que terá lugar o sábado, día 30 de abril de 20220 ás 13.00, nos termos do artigo 23.4 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.**

SEGUNDO. A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

TERCEIRO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

CUARTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

QUINTO. Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación. Non obstante, poderá interperse calquera outro, si o considera conveniente.

Taboada, 29 de abril de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1075

VILALBA

Anuncio

Faise público que *Pleno do Concello de Vilalba, na súa sesión ordinaria celebrada o día 7 de abril de 2022, adoptou*, despois do ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, cos votos a favor do grupo Socialista (8), e as abstencións do grupo Popular (6) e de Vilalba Aberta (2), *entre outros, o seguinte acordo*:

PRIMEIRO.-Aprobar a modificación do réxime de dedicacións exclusivas e parciais do Concello de Vilalba, aprobado polo Pleno na sesión extraordinaria celebrada o día 4 de xullo do 2019 do seguinte modo:

- **Supresión das dúas dedicacións parciais de concellería do 65%** (cunha retribución anual bruta de 14.950 euros, cada unha delas, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro), e a parcial de concellería do 15% (cunha retribución anual bruta de 3.450 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro), **actualmente vacantes**, e
- **Creación dunha dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa**, e cunha retribución anual bruta de 23.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

A dedicación anteriormente creada surtirá efectos económicos a partir de que, pola alcaldía, se proceda a designar ao membro da Corporación para desempeñar o seu cargo con dedicación exclusiva, e se acepte expresamente polo concelleiro asignado.

SEGUNDO.- O presente acordó publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello.

Vilalba, 29 de abril de 2022.- A alcaldesa, M.^a Elba Veleiro Fernández.

R. 1076

Anuncio

Faise público que S. S.^a a alcaldesa, dona M.^a Elba Veleiro Fernández, mediante o decreto número 2022-0266 ditado o día 29/04/2022, que se insire a continuación, RESOLVEU:

“Visto que, mediante o decreto número 377 de data 2/07/2019, ó abeiro e de conformidade coas atribucións conferidas no art. 43 e seguintes do ROF, esta alcaldía resolveu realizar, a favor dos/as concelleiros/as que a continuación se sinalan, as delegacións especiais seguintes:

A dona Antía Rama Rivas: Educación, Infancia e Mocidade, e Feiras e Mercados.

Destas delegacións deuse conta ó Pleno, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 4/07/2019, no punto de *“coñecemento de resolucións da alcaldía”*, e publicáronse no BOP núm. 157 do 10/07/2019.

Visto que na dita sesión extraordinaria de organización municipal, aprobáronse, entre outros asuntos, o réxime de dedicacións exclusivas e parciais, creándose as seguintes:

- Crear, segundo o establecido nos **artigos 75.1, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85**, unha **dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa**, e cunha retribución anual bruta de **23.000 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.
- Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85**, unha **dedicación parcial de concellería**, con **xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.
- Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85**, unha **dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.
- Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85**, unha **dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

- Crear, segundo o que se dispón nos arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85, unha dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 15%, e unha retribución anual bruta de **3.450 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

Visto así mesmo que, mediante o decreto núm. 390 do 11/07/2019, esta alcaldía resolveu designar ós seguintes membros da Corporación, para desempeñar os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial:

- A dona Antía Rama Rivas, con DNI nº 33344094M, para a dedicación parcial de concellería, con xornada laboral ao 65%, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

A dita dedicación publicouse no BOP núm. 166 do 20/07/2019, e aceptouse pola Sra. Rama Rivas no documento que asinou, o día 11/07/2019, ante a secretaria deste Concello, nos termos expresados neste.

Visto o Concello Pleno, en sesión celebrada o 7 de abril de 2022, adoptou, entre outros, aprobar **a modificación do réxime de dedicacións exclusivas e parciais do Concello de Vilalba, aprobado polo Pleno na sesión extraordinaria celebrada o día 4 de xullo do 2019, do seguinte modo:**

- **Supresión das dúas dedicacións parciais de concellería do 65% (cunha retribución anual bruta de 14.950 euros, cada unha delas, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro), e a parcial de concellería do 15% (cunha retribución anual bruta de 3.450 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro), actualmente vacantes, e**
- **Creación dunha dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa, e cunha retribución anual bruta de 23.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.**

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

A dedicación anteriormente creada surtirá efectos económicos a partir de que, pola alcaldía, se proceda a designar ao membro da Corporación para desempeñar o seu cargo con dedicación exclusiva, e se acepte expresamente polo concelleiro asignado.

Visto o volume de traballo da Concellería delegada, “Educación, Infancia e Mocidade, e Feiras e Mercados “e tendo en conta ademais as actuais circunstancias que requiren de maiores actuacións por parte das administracións, neste caso, da local, no ámbito económico que axuden a paulatina reactivación e recuperación, na marxe das competencias legalmente atribuídas,

Visto o disposto nos arts. 44 e 120 do ROF, que din:

Artículo 44.

- Todas las delegaciones a que se refiere el artículo anterior serán realizadas mediante Decreto del Alcalde que contendrá el ámbito de los asuntos a que se refiere la delegación, las facultades que se deleguen, así como las condiciones específicas de ejercicio de las mismas, en la medida en que se concreten o aparten del régimen general previsto en este Reglamento.
 - La delegación de atribuciones del Alcalde surtirá efecto desde el día siguiente al de la fecha del Decreto, salvo que en ella se disponga otra cosa, sin perjuicio de su preceptiva publicación en el «Boletín Oficial» de la Provincia y en el municipal, si existiere.
- a) Las normas de los apartados anteriores serán aplicables a cualquier modificación posterior de las delegaciones.
- De todas las delegaciones y de sus modificaciones se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que éste celebre con posterioridad a las mismas.

Artículo 120.

1.Los Concejales-Delegados y los Diputados-Delegados son aquellos Concejales y Diputados que ostentan algunas de las delegaciones de atribuciones del Alcalde o Presidente, previstas en los números 3, 4 y 5 de los artículos 43 y 63, respectivamente, de este Reglamento.

- Se pierde la condición de Concejales-Delegado o de Diputados-Delegado:
- Por renuncia expresa, que habrá de ser formalizada por escrito ante la Alcaldía o Presidencia.
- Por revocación de la delegación, adoptada por el Alcalde o Presidente con las mismas formalidades previstas para otorgarla.

3.Por pérdida de la condición de miembro de la Comisión de Gobierno o en aquellos Municipios donde ésta no exista, de la de Teniente de Alcalde, en el caso de las delegaciones a que se refieren los artículos 43.3 y 63.3, respectivamente, de este Reglamento.

Visto o disposto no art. 75.1 da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, que dí:

Artículo 75

1. Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior.

En virtude do disposto nos citados artigos 44 e 120 do ROF, e 75.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no uso das atribucións que me confire o art. 21 da dita Lei 7/85, RESOLVO:

Primeiro. Deixar sen efecto a designación a dona Antía Rama Rivas mediante o decreto núm. 390 do 11/07/2019, para a dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 65%, e unha retribución anual bruta de 14.950 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

Segundo. Designar a dona Antía Rama Rivas con DNI nº 33344094M para a dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa, e cunha retribución anual bruta de 23.000 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro, nos termos do acordo plenario de 07 de abril de 2022.

Terceiro. Notificar o presente decreto a dona Antía Rama Rivas para a súa aceptación expresa, surtindo efectos económicos dende o día 1 de maio do presente, previa aceptación pola interesada.

Cuarto. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello.

Quinto. Dar conta da presente Resolución ó Pleno na seguinte sesión que se celebre.”

Vilalba, 29 de abril de 2022.- A alcaldesa, M^a Elba Veleiro Fernández.

R. 1077

XERMADE

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO AUXILIAR BIBLIOTECA

Por Decreto da Alcaldía núm. 2022-0165 de data 03/05/2022 foron aprobadas as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de auxiliar de biblioteca.

O prazo de presentación de solicitudes é de dez (10) días naturais dende a publicación do anuncio no BOP. As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Xermade: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>

Xermade, 3 de maio de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1096